PRIMEIRA PROBA, PARTE A

SOLUCIONARIO OPCIÓN 2

I.- ORIENTACIÓN

Exercicio único

Pregunta 1
Foi creada por William Marston en 1928.

Pregunta 2
O test DISC é unha metodoloxía utilizada frecuentemente no recrutamento ou selección, para analizar a personalidade e as características dun candidato ou traballador para un traballo. O test mide o noso perfil natural, como facemos as cousas de maneira innata. Ademais, mide o noso perfil adaptado, e dicir, como actuamos fronte o que sucede no noso entorno; a capacidade de reacción e adaptación.

Pregunta 3
I. Decisión: Mide o comportamento da persoa ante problemas e desafíos, moi interesante para comprobar como se desenvolvería nos conflitos laborais. II. Influencia: Mide como se relacionan as persoas coas as persoas do seu entorno e como as inflúe e ademais se a persoa ten facilidade para a comunicación, si é un líder, si é optimista ou extrovertido. III. Serenidade: Mide como a persoa responde aos cambio e ritmos do entorno, ¿sabe escoitar?, ¿pode traballar baixo presión?. Neste caso o test disc encontra personalidade as que lles preocupa mais o como que os resultados. IV. Cumprimento: Mide como a persoa responde as regras e normas establecidas polos demais. Así saberase se o traballador revisa todos os detalles hasta dar coa mellor resposta.

II.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Exercicio único

Pregunta 1
Para a solución desta pregunta son de aplicación os criterios legais contidos no Real Decreto 486/1997. Para valorar a ocupación dos vestiarios e aseos é necesario verificar que a altura do teito, a superficie e o volume libre están dentro dos valores establecidos. • Altura do teito: a altura do teito é de 3 metros, que é correcta en canto á mínimo

esixida no Real Decreto, logo cúmprense os requirimentos en canto á altura do teito.

- Superficie libre:
- Superficie ocupada por 69 armarios = 69 x 0,3 x 0,4 = 8,28 m2
- Superficie ocupada por 2 bancos = 2 x 2 x 0,5 = 2 m2
- Superficie total ocupada polo mobiliario = 8,28 + 2 = 10,28 m2
- Superficie do vestiario = 50 m2
- Superficie libre do vestiario = 50 - 10,28 = 39,72 m2

Engadindo á anterior a superficie libre nos aseos, que se estimou en 15 m2 tense:

- Superficie libre vestiarios máis aseos = 39,72 + 15 = 54,72 m2
- Superficie requirida polas 32 traballadoras = 32 x 2 = 64 m2

A superficie libre requirida é superior á superficie libre dispoñible entre vestiarios e aseos, polo que non se cumpren os requirimentos en canto a espazo libre.

- Volume libre:
- Volume ocupado por 69 armarios = 69 x 2 x 0,3 x 0,4 = 16,56 m3
- Volume ocupado por 2 bancos = 2 x 0,6 x 2 x 0,5 = 1,2 m3
- Volume total ocupado polo mobiliario = 17,76 m3
- Volume do vestiario = 50 x 3 = 150 m3
- Volume libre do vestiario = 150 - 17,76 = 132,24 m2

Engadindo ao anterior o volume libre nos aseos, que se estimou en 5 5 m3 tense:

- Volume libre de vestiarios máis aseos = 132,24 + 55 = 187,24 m3
- Volume requirido polas 32 traballadoras = 32 x 10 = 320 m3

O volume libre requirido é superior ao volume libre dispoñible entre vestiarios e aseos, polo que non se cumpren os requirimentos en canto a volume libre.

Por todo o anterior pode concluírse que a ocupación do vestiario é excesiva e non cumpre os requirimentos da normativa.

En canto á dotación dos aseos, a normativa estipula o seguinte:

- Recoméndase un lavabo por cada 10 persoas ou fracción, polo que para 32 traballadoras son necesarios 4 lavabos.
- Recoméndase un espello por cada 25 persoas ou fracción, polo que para 32 traballadoras son necesarios 2 espellos.
- Recoméndase unha ducha por cada 10 persoas ou fracción, polo que para 32 traballadoras son necesarios 4 duchas.
- Recoméndase un inodoro por cada 15 mulleres ou fracción, polo que para 32 traballadoras son necesarios 3 inodoros.

Pregunta 2

Para a solución desta pregunta son de aplicación os datos antropométricos da poboación laboral española, publicados polo INSST.

Posto que imos deseñar un alcance interésanos a persoa de menores dimensións, xa que se esta alcanza, as demais tamén o farán.

A dificultade está en que coñecemos as estaturas pero non os alcances horizontais, pero podemos determinalos a partir das táboas. O procedemento é o seguinte:

a) Pártese do valor extremo, neste caso será o mínimo de estatura do colectivo

para o que se deseña, é dicir, o correspondente á traballadora 1 (1.594 mm.).

b) A continuación determínase o percentil ao que corresponde mediante a expresión:

$$z_p = (x_p - \bar{X}) / \sigma$$

z_p é unha constante que depende do percentil que se calcula
x_p é o valor correspondente a un determinado percentil
$\bar{X}$ é a media aritmética
σ é a desviación típica

Na táboa atopamos para a estatura os seguintes valores:
$\bar{X}$ = 1.665 mm (percentil 50)
σ = 83,89 mm

$$z_p = (1.594 - 1.665) / 83,89 = - 0,84$$

c) Por último calcúlase a dimensión requirida, neste caso o alcance máximo horizontal correspondente a ese percentil. A expresión matemática que permite calcular o valor correspondente a un determinado percentil é a seguinte:

$$x_p = \bar{X} + (z_p \times \sigma)$$

Na táboa atopamos para o alcance máximo horizontal os seguintes valores:

$\bar{X}$ = media aritmética (percentil 50) = 700 mm
σ = desviación típica = 54,24 mm

$$x_p = \bar{X} + (z_p \times \sigma) = 700 + (- 0,84 \times 54,24) = \mathbf{654,43\ mm}$$

A distancia máxima desde o respaldo do asento á que poderá colocarse o mando do panel de control é de **654,43 mm**.

Pregunta 3

O risco químico obtense dividindo a concentración de contaminante no ambiente (C) entre o valor límite de referencia elixido.
Para calcular o risco hixiénico durante unha xornada de traballo eliximos o **TLV-TWA** (concentración media ponderada para 8 horas que non deberá ser superada en ningunha quenda de 8 horas para semanas laborais de 40 horas):

$$R = (C / TLV - TWA) \times (t / 8)$$

Se traballan 8 horas diarias:

$$R = (400 / 375) \times (8 / 8) = 1,067$$

Ao ser R maior que 1, existe risco hixiénico.
Para unha xornada de 4 horas diarias:

$$R = (400 / 375) \times (4 / 8) = 0,533$$

Ao ser R menor que 1, non existe risco hixiénico.
Para contestar á segunda cuestión eliximos o **TLV-STEL** (concentración media ponderada para períodos de 15 minutos que non deberá ser superada en ningún momento da xornada de traballo):

$$R = (C / TLV - STEL) \times (t / 15\ min.)$$

$$R = (700 / 560) \times (10 / 15 \text{ min.}) = 0{,}833$$

Ao ser R menor que 1, non existe risco hixiénico.

En referencia á terceira cuestión, a concentración que non debe ser rebasada en ningún momento represéntaa o TLV-C (valor teito), que é:

$$TLV\text{-}C = 5 \times TLV\text{-}TWA = 5 \text{ X } 375 \text{ mg/m}^3 = 1.875 \text{ mg/m}^3$$

Pregunta 4

Para responder a esta pregunta é de aplicación o disposto no Real Decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

Características dos sinais. Deberíanse colocar dous sinais de advertencia de forma triangular co pictograma de materias inflamables nunha e o de tóxicas na outra:



Os sinais de advertencia son triangulares, con cor de seguridade amarelo (fondo do sinal) e cor de contraste negro (bordo do sinal e pictograma). O material dos sinais podería ser de chapa de ferro galvanizado ou de aluminio, que resisten ben a intemperie.

Superficie dos sinais. A expresión matemática que permite calcular a superficie que debería ter cada sinal para ser visible a unha distancia de 10 metros é a seguinte:

$$A \geq L^2 / 2000 \geq 102 / 2000 \geq 0{,}05 \text{ m}^2$$

Por tanto, cada unha dos sinais debería ter, como mínimo, unha superficie de 0,05 m^2 para ser visibles a unha distancia de 10 metros.

Lonxitude dos lados dos sinais. Ao tratarse de dous triángulos equiláteros, partiremos da expresión matemática que nos/nos permite calcular a área do triángulo equilátero:

$$A = (\sqrt{3} / 4) \times l^2$$

Dado que a superficie do sinal é ≥ 0,05 m2,

$$0{,}05 \geq (\sqrt{3} / 4) \times l^2$$
$$0{,}05 \geq 0{,}433\ l^2$$
$$l^2 \geq 0{,}05 / 0{,}433 \geq 0{,}1154$$
$$l \geq \sqrt{0{,}1154} \geq 0{,}34 \text{ metros}$$

Así pois, os lados dos sinais deberían ter, como mínimo, unha lonxitude de 0,34 metros.

Anchura mínima do bordo do sinal. Se a anchura do bordo negro se dimensiona como l/20, dado que o lado do triángulo ten unha lonxitude mínima de 0,34 metros a anchura será:

0,34 / 20 = 0,017 metros.

Área que debe ocupar o bordo de cada sinal. Calcúlase multiplicando longo por ancho. Dado que cada sinal ten tres lados:

$$A_i = 0{,}34 \times 0{,}017 \times 3 = 0{,}011734 \text{ m}^2$$

Área que ocupa o fondo do sinal e porcentaxe. Para calcular a área que ocupa a superficie amarela teremos que restarlle á área total do sinal a superficie que ocupa o bordo:

$A - A_i = 0{,}05 - 0{,}011734 = 0{,}0326$ m^2, que resulta ser o 66% da superficie do sinal.

Dado que segundo o Real Decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo, a cor amarela deberá cubrir como mínimo o 50% da superficie do sinal, podemos dicir que o fondo do sinal ten unha superficie que cumpre coa normativa vixente.

III.- DEREITO DO TRABALLO

Exercicio 1

Pregunta 1

O artigo 1 do ET estabelece o que segue: *"Esta ley será de aplicación a los trabajadores que voluntariamente presten sus servicios retribuidos por cuenta ajena y dentro del ámbito de organización y dirección de otra persona, física o jurídica, denominada empleador o empresario"*.

Polo tanto, debemos referirnos ás seguintes características básicas para poder considerar unha relacion como laboral:

1. Voluntariedade: a prestación de servizos debe ser voluntaria.
2. Retribución: a prestación debe ser retribuida, é dicir, debe existir un salario.
3. Dependencia: o traballador debe estar baixo a direción e organización do empregador, o que implica a existencia dunha relación xerárquica.
4. Alleidade: o traballador no asume os riesgos e froitos da actividade económica, que corresponden ao empregador.

Pregunta 2

O artigo 11 da Lei 20/2007, do Estatuto do traballo autónomo regula as figuras do traballador autónomo e do traballador autónomo economicamente dependente (TRADE).

O artigo 11.1 define ao traballador autónomo como aquel que realiza unha actividade económica ou profesional de xeito habitual, persoal, directo, por conta propia e fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa a cambio dunha retribución certa e pactada.

"Los trabajadores autónomos económicamente dependientes a los que se refiere el artículo 1.2.d) de la presente Ley son aquéllos que realizan una actividad económica o profesional a título lucrativo y de forma habitual, personal, directa y predominante para

una persona física o jurídica, denominada cliente, del que dependen económicamente por percibir de él, al menos, el 75 por ciento de sus ingresos por rendimientos de trabajo y de actividades económicas o profesionales".
Pola súa parte, o apartado 2 indica:
"Para el desempeño de la actividad económica o profesional como trabajador autónomo económicamente dependiente, éste deberá reunir simultáneamente las siguientes condiciones:
a) No tener a su cargo trabajadores por cuenta ajena ni contratar o subcontratar parte o toda la actividad con terceros, tanto respecto de la actividad contratada con el cliente del que depende económicamente como de las actividades que pudiera contratar con otros clientes.
b) No ejecutar su actividad de manera indiferenciada con los trabajadores que presten servicios bajo cualquier modalidad de contratación laboral por cuenta del cliente.
c) Disponer de infraestructura productiva y material propios, necesarios para el ejercicio de la actividad e independientes de los de su cliente, cuando en dicha actividad sean relevantes económicamente.
d) Desarrollar su actividad con criterios organizativos propios, sin perjuicio de las indicaciones técnicas que pudiese recibir de su cliente.
e) Percibir una contraprestación económica en función del resultado de su actividad, de acuerdo con lo pactado con el cliente y asumiendo riesgo y ventura de aquélla".
A teor dos dito, pódese concluír que Francisca cumpre os requisitos para ser considerada unha TRADE.

Pregunta 3
O dito artigo contempla os seguintes supostos: *"a) Mutuo acuerdo de las partes.* *b) La necesidad de atender responsabilidades familiares urgentes, sobrevenidas e imprevisibles.* *c) El riesgo grave e inminente para la vida o salud del trabajador autónomo, según lo previsto en el apartado 7 del artículo 8 de la presente ley.* *d) Incapacidad temporal, nacimiento, adopción, guarda con fines de adopción o acogimiento familiar.* *e) Riesgo durante el embarazo y riesgo durante la lactancia natural de un menor de 9 meses.* *f) La situación de violencia de género o de violencias sexuales, para que la trabajadora autónoma económicamente dependiente haga efectiva su protección o su derecho a la asistencia social integral.* *g) Fuerza mayor".*

Exercicio 2

Pregunta 1
Para que unha empresa estea obrigada a practicar un embargo na nómina dun/ha

traballador/a debe recibir comunicación dun xulgado competente ou dunha administración pública.
Se unha débeda se reclama xudicialmente, será o xulgado quen decrete o embargo.
De se tratar dunha débeda de tipo administrativo (por exemplo: impago de impostos ou de cotas da seguridade social) será a administración que corresponda que corresponda quen decrete o embargo.
Ningún acredor/a pode embargar directamente a unha persoa debedora. Por tanto, no caso que ocupa, a entidade bancaria non ten potestade para ordenar á empresa que practique o embargo do salario da traballadora. Polo contrario, a empresa si está obrigada a practicar o embargo decretado polo xulgado para o pagamento da pensión de alimentos en favor dos fillos.

Pregunta 2

Non procede calcular a cantidade embargábel posto que:
-No que atinxe á débeda da entidade bancaria, esta non ten potestade para ordenar á empresa que practique o embargo.
- En canto á débeda de alimentos, o artigo 608 da LAC estabelece que as porcentaxes do artigo 607 non son de aplicación a este tipo de débedas. Será o xulgado quen fixe de xeito discrecional a cantidade embargábel mensualmente.

Pregunta 3

O artigo 608 da LAC estabelece que as porcentaxes estabelecidas no artigo 607 non se aplican no caso de que exista sentenza que condee ao pagamento de alimentos. A cantidade que pode ser embargada nestes casos será fixada polo tribunal.
Texto do artigo 608 LEC : *Lo dispuesto en el artículo anterior no será de aplicación cuando se proceda por ejecución de sentencia que condene al pago de alimentos, en todos los casos en que la obligación de satisfacerlos nazca directamente de la Ley, incluyendo los pronunciamientos de las sentencias dictadas en procesos de nulidad, separación o divorcio.*

Pregunta 4

Cálculo do primeiro período (do 1/1/2010 ao 11/2/2012: 45 días por ano cun tope de 42 meses.
131,50 € diarios x 97,5 días = 12.821 €
Cálculo do segundo período (do 12/2/2012 ao 13/6/2024): 33 días por ano cun tope de 24 meses.
131,50 € diarios x 407 días = 53.520 €
Suma: 12.821 + 53.520 = 76.341€

Ademais, cómpre comprobar se se excede dos límites estabelecidos pola normativa.
A indemnización de 45 días de salario por ano traballado tiña un límite de 42 mensualidades (1.260 días).
1260x 131,5 = 165.690 €.

A indemnización de 33 días por ano ten un límite de 24 mensualidades (720 días) 720 x 131,5 = 94.680 €. En ningún dos dous casos se exceden os límites legais.

Pregunta 5
O artigo 26.2 ET estabelece que estas indemnización teñen carácter extrasalarial polo que non gozan de protección de inembargabilidade. Poden ser embargadas na súa totalidade para saldar unha débeda. Texto do artículo 26.2 ET: *No tendrán la consideración de salario las cantidades percibidas por el trabajador en concepto de indemnizaciones o suplidos por los gastos realizados como consecuencia de su actividad laboral, las prestaciones e indemnizaciones de la Seguridad Social y las indemnizaciones correspondientes a traslados, suspensiones o despidos*.

IV.- SEGURIDADE SOCIAL

Exercicio único

Pregunta 1
Trátase dunha incapacidade permanente total. É aquela que inhabilita ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas da súa profesión habitual, sempre que poida dedicarse a outra distinta.

Pregunta 2
- Requisito de idade: Non ter a idade prevista no apartado 1. a) do artigo 205 da LXSS na data do feito causante ou non reunir os requisitos esixidos para acceder á pensión de xubilación contributiva do Sistema, se a incapacidade deriva de enfermidade común ou accidente non laboral. - Requisito de afiliación: Estar afiliadas e en alta ou en situación asimilada á de alta. - Requisitos de cotización: Ao derivar de enfermidade común e ser maior de 31 anos de idade debe acreditar: a) Período xenérico: 1/4 do tempo transcorrido entre a data en que fixo os 20 anos e a do feito causante, cun mínimo, en todo caso, de 5 anos. (Neste caso (38 anos – 20 anos) / 4 = 4,5 anos) (Non se terán en conta, para estes efectos, as fraccións de idade inferiores a 6 meses) Non se cumpre o requisito dos anos mínimos cotizados, xa que no suposto serían; (250 + 65 + 875) / 365 = 3,26 anos cotizados Tería que cumprirse en todo caso o mínimo de 5 anos, que segundo os cálculos anteriores non se cumpre. Tampouco se cumpre, aínda que engadamos os días cota.

b) Período específico: 1/5 do período de cotización exixible debe estar comprendido nos últimos 10 anos (Neste caso cúmprese xa que o mínimo exixible sería 1/5 de 5 anos = 1 ano nos últimos 10, e o traballador ten ao menos 2,4 anos (875 días / 365) nos últimos 10 anos)

Pregunta 3
Non se realiza o cálculo, xa que non ten dereito á pensión, posto que, non ten o período de carencia esixido.

Pregunta 4
As pensións derivadas de enfermidade común e accidente non laboral abóanse en 14 pagas, unha por cada un dos meses do ano e dúas pagas extraordinarias ao ano, que se fan efectivas xunto coas mensualidades de xuño e novembro e polo mesmo importe que o da mensualidade ordinaria correspondente aos devanditos meses.

Pregunta 5
Posto que non ten dereito á pensión, tampouco podería solicitar a indemnización a tanto alzado. En todo caso, se cumprise os requisitos, e tendo en conta a súa idade, cobraría 84 mensualidades da contía mensual da pensión.

Pregunta 6
- Por revisión con resultado de curación. - Por falecemento do beneficiario. - Por recoñecemento do dereito á pensión de xubilación, cando se opte por esta pensión. - Por revisión de oficio ditada pola Entidade xestora nalgún dos casos nos que esta actuación estea legalmente permitida e dela se derive a perda do dereito á pensión.

V.- ECONOMÍA E EMPRESA

Exercicio único

Pregunta 1
Ana é empresaria individual. Para o exercicio económico 2023, o RENDEMENTO NETO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA, en EDS calcúlase segundo o seguinte esquema: INGRESOS COMPUTABLES Menos GASTOS FISCALMENTE DEDUCÍBEIS = DIFERENZA Menos GASTOS DE DIFÍCIL XUSTIFICACIÓN (7% da diferenza, límite máx. 2.000 €) =RENDEMENTO NETO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA A)GASTOS FISCALMENTE DEDUCIBLES:

Gastos fiscalmente deducibles (GFD):	
Compras consumidas (existencias) (1)	300.000
Gastos de persoal (2) (non é GFD o percibido polo esposo. Non cumpre todos os requisitos do art. 30.2.2º LIRPF Prestacións de traballo entre membros da mesma unidade familiar)	95.000
Outros gastos de explotación	25.300
➢ Tributos locais: .....1.000 ➢ Aluguer do almacén (afecto á actividade) . .....13.000 ➢ Seguridade social (Cota autónomos de Ana) (3) ..... 3.800 ➢ Material de oficina:..... 1.200 ➢ Electricidade: .....1.100 ➢ Teléfono: .....840 ➢ Perda por deterioración de créditos (4) ..... 4.360 Importes provisionados de forma individual .....4.000 Deterioración global (art. 104 LIS) (40.000 -4.000)*0.01 =360 Deterioración fiscalmente deducible 4.360	
Amortizacións (5)	16.000
Gastos fiscalmente deducibles GFD	436.300

Ver aclaracións sobre os cálculos e normativa aplicada.

Pregunta 2

Ingresos computábeis Importe neto cifra de negocios	500.000
Menos Gastos fiscalmente deducíbeis GFD	(436.300)

= DIFERENZA	63.700
Menos 7% Gastos difícil xustificación (6) Coeficiente GDJ= 7% S/DIFERENZA= 0,07*63.700= 4.459 € Como supera o límite máximo, aplica o Límite máximo 2.000 euros Art. 30.2.4º LIRPF	(2.000)
= RENDEMENTO NETO ACTIVIDADE ECONÓMICA	61.700 €

Aclaracións sobre os cálculos e normativa aplicada:

1. Segundo a normativa de IRPF, considérase Gasto fiscalmente deducible GFD, as compras consumidas de existencias.
2. Os 5.000 euros satisfeitos ao esposo, non teñen a consideración fiscal de gastos de persoal (nin baixo ningún outro concepto), e por tanto non son gasto fiscalmente deducible, porque non cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 30.2.2º da Lei de IRPF. (Non cumpre o requisito de traballar no negocio de forma habitual, non ten contrato e non está matriculado no réxime correspondente da Seguridade Social). Só se admite como gasto fiscalmente deducible por GASTOS DE PERSOAL 95.000 euros (exclúense os 5.000 euros do esposo)
3. A cota de autónomos que paga Ana, si é Gasto Fiscalmente Deducible.
4. Perdas por deterioración de créditos comerciais: Serán deducibles as perdas por deterioración de créditos, derivados de posibles insolvencias dos debedores, cando no momento do deveño do IRPF o debedor estea declarado en concurso de acredores -como é o caso- ar. 13.1 da Lei Imposto Sociedades.

   Ademais, os titulares de empresas de reducida dimensión poderán, deducir a perda por deterioración dos créditos por posibles insolvencias de debedores até o límite do 1 por 100 sobre os debedores existentes á conclusión do período impositivo, exceptuados aqueles sobre os que se recoñeceu de forma individualizada a perda por insolvencias e aquel respecto dos que as perdas por deterioración non teñan o carácter de deducibles.

   Neste caso son gasto fiscalmente deducible:

   Importes provisionados de forma individual 4.000

   Deterioración global (art. 104 LIS) (40.000 -4.000)*0.01 360

   Deterioración fiscalmente deducible 4.360
5. Amortizacións. Son gasto fiscalmente deducible, art. 30.1º do RIRPF

6. Gastos difícil xustificación. Art. 30.2.4º LIRPF
7. Os PAGOS FRACCIONADOS non son gasto deducible e non se teñen en conta no apartado de cálculo do rendemento neto.